

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DA XUNTA DE GALICIA E UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA ACTUACIÓNS DE
INCLUSIÓN SOCIAL DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA NA HABANA VELLA.**

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

COMPARECEN

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, dona Myriam Garabito Cociña, con DNI: 23626469- H, en calidade de presidenta de UNICEF Comité Galicia, en nome e representación da Fundación UNICEF Comité Español, entidade sen fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte baixo o número 28-1366, con CIF G84451087.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a firma do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe impulsar e promover a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de accións de concienciación, sensibilización e formación sobre a conexión existente entre as dinámicas locais e as desigualdades internacionais e a loita contra a pobreza, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento, e fomentar a creación de redes de traballo conxunto, evitando a dispersión e aumentando a coordinación e concentración de esforzos.



Segundo.- Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

Terceiro.- De conformidade co previsto no IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 aprobado polo Parlamento de Galicia, un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, entre os que se atopa o dereito humano ao acceso á educación inclusiva de calidade, pública e universal para todas as persoas ao longo de toda a vida.

Cuarto.- Que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, alude ás ONGD, como entidades con especial dedicación a actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos mais desfavorecidos, constituíndose como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia nesta materia.

Quinto.- Que o Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e conta asemade con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento, e de Educación para o Desenvolvemento en particular.

Sexto.- Que UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

Sétimo.- Que UNICEF Comité Español ten previsto a realización dun proxecto de “fortalecemento dos contornos protectores da adolescencia con enfoque de dereitos e equidade na Habana Vella (Cuba)”, que ten como finalidade última a inclusión social e económica de adolescentes cubanos e o desenvolvemento das súas potencialidades, a través dun enfoque baseado nos dereitos e a corresponsabilidade.

Oitavo.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano

superior da administración autonómica ao que lle corresponde a execución da actividade europea e a actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento.

Noveno.- A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, aínda que dirixidas a un grupo de poboación específico pola súa idade, inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral por canto engaden un factor multiplicador na prevención da exclusión social e da cronificación da pobreza, e xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Décimo.- Que, en base a o anteriormente exposto, acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Finalidade e obxectivos

O presente acordo ten a finalidade de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e UNICEF Comité Español para a execución do proxecto “fortalecemento dos contornos protectores da adolescencia con enfoque de dereitos e equidade na Habana Vella (Cuba)”, que ten como finalidade última a inclusión social e económica de adolescentes cubanos e o desenvolvemento das súas potencialidades, a través dun enfoque baseado nos dereitos e a corresponsabilidade.

A través deste proxecto, preténdese fortalecer aos nenos e adolescentes en materias de dereitos da infancia e adolescencia, saúde integral, inclusión de persoas discapacitadas, educación para a sexualidade e prevención da violencia de xénero, incidindo na educación destes a través da realización de talleres.

SEGUNDA.- Obxecto

Para a consecución deste obxectivo, realizaranse as seguintes actividades, co detalle establecido no anexo que acompaña ao presente convenio:


 **Xacobeo 2021**



Talleres, itinerarios e outras accións de intercambio con adultos profesionais e actores sociais:

- Ano 2019:
 - Adolescentes con discapacidades.
 - Protección integral dos adolescentes.
 - Dereitos da infancia e a adolescencia, 30 anos da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Ano 2020:
 - Saúde integral dos adolescentes
 - Adolescentes con discapacidades.
 - Prevención da diferenza baseada no xénero.
 - Dereitos da infancia e da adolescencia.

Talleres, itinerarios e outras accións de intercambio con adolescentes:

- Ano 2019:
 - Inclusión de adolescentes con discapacidades
 - Uso das TICs e protección integral en escenarios dixitais.
 - A cidade que habitamos. 500 anos da Habana.
 - 30 anos da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Ano 2020:
 - Saúde integral dos adolescentes. Autocoidado.
 - Protección Integral en escenarios dixitais.
 - Cultura da paz na vida cotiá
 - Dereitos da infancia e da adolescencia.

Accións de comunicación e publicidade:

- Ano 2019:
 - Exposición de resultados dos talleres creativos.
 - Producción de artigos de visibilidade.
- Ano 2020:
 - Exposición de resultados dos talleres creativos.
 - Producción de artigos de visibilidade.

Adquisición do equipamento necesario para a realización das actividades.

TERCEIRA.- Información

UNICEF Comité Español comprométese a achegar información continua sobre as circunstancias ou novidades davance e estado de execución do presente convenio, respondendo de forma inmediata ante calquera aclaración ou ampliación de información que se lle requira.



No caso de que algunha das actividades avanzadas non fose compatible coas políticas públicas e principios xerais postulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir a non imputación dos seus recursos financeiros a tal actividade.

CUARTA.- Obrigacións de UNICEF Comité Español.

UNICEF Comité Español comprométese e obriga a:

1. Executar o conxunto das accións necesarias para a súa consecución, mediante a realización das actuacións que ambas as partes acorden entre si, conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
3. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, UNICEF Comité Español comprométese a dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigacións recollidas no mesmo e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
6. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
7. Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración



pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme ao establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

8. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción humanitaria.

QUINTA.- Obrigacións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza financiará o proxecto cunha contía total de corenta mil euros (40.000,00 €) con cargo ás aplicacións orzamentarias e distribución seguinte:

Aplicación	2019	2020
05.26.331A.490.0.	7.000,00 €	18.150,00 €
05.26.331A.790.0.	7.000,00 €	7.850,00 €
Total	14.000,00 €	26.000,00 €

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Pagamentos e anticipos

Tras a firma do presente convenio e previa petición de UNICEF Comité Español, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro da entidade concederá un anticipo pola contía máxima da anualidade 2019, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:





- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co establecido no artigo 22.1, do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O pagamento da subvención da anualidade 2020 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior e previa petición de UNICEF Comité Español.

Conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade xustificarse dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala a continuación:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación asinada dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada.
- Certificación dos gastos realizados asinada dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal da entidade.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación UNICEF indique, non asumindo a Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de cambio oficial nin os gastos bancarios que tivesen lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

SÉTIMA. Xustificación

A xustificación final da execución das actividades do proxecto efectuarase por parte da UNICEF Comité Español nun prazo máximo de tres meses, que comezará a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo a data límite o 31 de marzo de 2021.





A xustificación final do destino dos fondos entregados farase conforme ao establecido no Acordo Marco de Cooperación entre o Reino de España e o Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) asinado en Madrid o 25 de febreiro de 2004 e publicado no Boletín Oficial do Estado núm.130, do 1 de xuño de 2005, presentando:

- Informe final sobre o conxunto de tarefas realizadas, con mención dos resultados obtidos.
- Certificación asinada dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada.
- Certificación asinada dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal dos gastos realizados na execución deste convenio, expedida pola secretaría de UNICEF Comité Galicia.
- Remittance Advice: documento xustificativo da transferencia dos fondos desde o Comité Galicia, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ao que se destinan os fondos.
- Official Receipt: certificado de recepción dos fondos remitidos pola oficina central de UNICEF.
- Certificado da subvención recibida, asinado polo Director de Administración e Finanzas do comité español de UNICEF, detallando o destino dos fondos na realización do proxecto.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de cada unha das universidades, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade.





Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicarase igualmente ás actividades subvencionadas.

OITAVA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, reservarase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Pola desistencia de UNICEF Comité Español.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades abonadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no caso de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, incluíndo as actuacións iniciadas desde o mes de marzo de 2019, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.



DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. – Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO TERCEIRA. - Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamento xerais da



Comunidade Autónoma para o ano 2019; no Decreto 29/2017 do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asinarase, por duplicado exemplar, polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

POR UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA

A PRESIDENTA DO COMITÉ DE
GALICIA



Alfonso Rueda Valenzuela



Myriam Garabito Cociña

ANEXO

1.- OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Fortalecemento de contornos protectores para a infancia e a adolescencia.

Obxectivo específico: Mellora das capacidades da Coordinadora para fortalecer ás ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de mellora da política pública de cooperación ao desenvolvemento a nivel local e autonómico e de transformación social en Galicia.

2.- RESULTADOS

Resultado 1: Fortalecemento de capacidades institucionais para a consolidación de contornos protectores para a infancia e a adolescencia, tanto en materia de equipamento como de preparación de profesionais/actores sociais vinculados coa infancia e a adolescencia en temas como saúde integral, inclusión de persoas con discapacidades, educación para la sexualidade, prevención da violencia, dereitos.

Resultado 2: Fortalecemento da preparación de nenas, nenos e adolescentes nos temas sinalados a través de talleres de apreciación e creación e doutros servicios institucionais que teñen como eixo a cultura e o patrimonio e tributan á protección integral.

Resultado 3: Xeración de produtos comunicativos, presentacións públicas e outras accións de visibilidade coa participación de nenas, nenos e adolescentes para fomentar unha cultura de dereitos e equidade.

2.- FINANCIAMENTO

Partidas orxamentarias	Xunta de Galicia. Ano 2019	Xunta de Galicia. Ano 2020
Gastos de equipamentos	7.000,00	7.850,00
Gastos de mantemento e actividades	6.880,00	17.460,00
Gastos en viaxes e aloxamento	120,00	690,00
TOTAL	14.000,00	26.000,00

